

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A REALIZACIÓN DUN TRABALLO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A FIGURA DE MANUEL VENTURA FIGUEROA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Consellería asinou coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Universidade de Santiago de Compostela para a investigación e elaboración dunha biografía de Manuel Ventura Figueroa.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Primeiro.- A Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a consellería competente en materia de cultura vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

Segundo.- A Fundación Ventura Figueroa é unha fundación privada de interese galego que se constituíu o 8 de novembro de 1784 polos testamentarios de don Manuel Ventura Figueroa, Gobernador do Consello e Cámara de Castela, arcebispo de Laodicea e Patriarca de Indias. A consellería competente en materia de cultura exerce o protectorado da citada fundación. A figura de Manuel Ventura Figueroa vén de padecer certo esquecemento historiográfico, sen que existan achegas monográficas recentes que a realcen e detéctase un descoñecemento xeral da súa relevancia histórico-política. De tal xeito, a consellería considera necesario realizar unha nova aproximación a súa figura co obxecto de actualizar a documentación e os enfoques arredor da súa biografía.



Terceiro.- A Universidade de Santiago de Compostela (USC) é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico e está dotada e conta de medios únicos, persoais e materiais capaces de garantir o nivel de calidade óptimo e esixible para a elaboración do traballo. A USC, a través do Grupo de Investigación HISTAGRA, conta cun sólido coñecemento derivado das investigacións realizadas nos últimos anos a través de investigacións que derivaron nunha tese doutoral.

Cuarto.- Resulta de interese común da Consellería e da USC traballar na elaboración dun estudo sobre a figura de Manuel Ventura Figueroa.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

